

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 16/06/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16/06/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09-jun-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/2263

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Francisco Padín Silva (MADECO) para o subministro de diversa maquinaria para o Servizo, para substitución da existente (4 corta céspedes, catro rozadoras (unha delas a batería), un soplador, tres baterías e un cargador), por un importe total de 11.147,02 e (IVE incluído), con cargo á partida 171.63300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2271

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música ou un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en Arzobispo Gelmirez nº36, o día 6 de xuño de 2025 en horario de 20:30 a 00:30, así como poñer unha pulpeira ou asar churrasco o mesmo día en horario de 20:00 a 23:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2278

Dáse conta do escrito presentado por D. Adrián Santorum Rey, solicitando autorización para instalación dunha barra mobil, de 2 x 3 metros, na Rúa Camilo José Cela, por parte dos locais Amor de madre, Madia Leva e nautilus, con motivo do Agora Vermut, o día 8 de xuño de 2025, co fin de poder colaborar coa recadación de fondos para as Festas de San Xoán das Pistas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2333

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL o subministro, dotación e uniformidade para os axentes auxiliares de Policía Local, para a tempada de verán 2025, por un importe total de 2.089,67 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2334

Dáse conta do escrito presentado por D. Santiago López González, en representación de Pirotecnia López SL, comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para o día 9 de xuño de 2025, con motivo da celebración das Festas de San Cibrán, na Parroquia de Sobradelo.

Dáse conta da documentación aportada e o informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2335

Dáse conta do escrito presentado por D. Alberto Millarengo Agullo, en representación de Pirotecnia Millarengo Fabrica y Disparo SL, comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para os días 21 e 24 de xuño de 2025, con motivo da celebración das Festas Bamio.

Dáse conta da documentación aportada e o informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2339

Dáse conta do escrito presentdo por Dona María Yolanda Rodríguez Lafuente, en representación de Xairo Xabier Ruzo Roríguez, solicitando a creación dunha nova praza de estacionamento reservada para persoas con discapacidade, con carácter xeral, fronte ao número 1 e 2 da Rúa Marxión.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha nova praza de estacionamento para persoas con discapacidade, no citado lugar, dado que se encontra nas inmediacións do Centro de Saúde (Unidade de Saúde Mental), situado en Avda. Juan Carlos I, polo que este tipo de prazas teñen unha gran demanda.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Alvaro).

PRP2025/2340

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Barros Lucio en relación co mal estado da sinalización horizontal no acceso aos garaxes situados en Rúa Real de Badiña e solicitando o repintado dos vaos permanentes de acceso aos garaxes, así como a instalación de pivotes para evitar o estacionamento de vehículos nas inmediacións dos garaxes.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se procedeu por parte do Departamento de Sinalización ao repintado das prazas de estacionamento e acceso aos garaxes na citada zona.

PRP2025/2342

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Javier Álvarez Portas, en representación da Comunidade de Propietarios Residencial Trabanca Badiña en relación co mal estado da sinalización horizontal no acceso aos garaxes situados en Rúa Real de Badiña e solicitando o repintado dos

vaos permanentes de acceso aos garaxes así como a instalación de pivotes para evitar o estacionamento de vehículos nas inmediacións dos garaxes.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se procedeu por parte do Departamento de Sinalización ao repintado das prazas de estacionamento e acceso aos garaxes na citada zona.

PRP2025/2345

Dáse conta de escrito presentado no rexistro WEB2024004110 (RE 581/24) de data 14/06/2024 por Gesenco Xestión en comunidades SL, en relación á instalación dun espello para mellorar a visibilidade na intersección de Trav. Rosalía de Castro (á altura do número 107-109) con Avenida Rosalía de Castro.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se fai constar que efectivamente é moi conveniente xa que a visibilidade é moi reducida, véndose agravada na actualidade coa nova localización dos contedores, sendo estes moito máis voluminosos e dificultando a visibilidade en gran medida.

A data de hoxe inicianse traballos de mellora do asfaltado na citada travesía.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de espello na beirarrúa enfronte co fin de mellorar a visibilidade no citado lugar.

PRP2025/2346

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rosa María Gómez Cerdeira, en representación de Instituto de Educación Secundaria o Carril, en relación co mal estado da sinalización horizontal do vao permanente existente en Avda. Nóna Sra. Dos Anxos e solicitando o repintado do mesmo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se procedeu por parte do Departamento de Sinalización ao repintado do vao permanente solicitado.

PRP2025/2347

Dáse conta de escrito presentado por D. Luis Rodríguez Seagre solicitando a instalación dun espello na Rúa Quintana, á altura do número 31, para facilitar a incorporación e circulación de vehículos, debido á escasa visibilidade que ten ao incorporarse á circulación dende a súa vivenda. Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación dun espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para o interesado.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación

PRP2025/2348

Dáse conta do escrito presentado por D. Ignacio Hernández Frias, solicitando a creación dunha nova praza de estacionamento reservado a persoas con discapacidade, con carácter xeral, fronte ao número 1-3 da Rúa Blanco Amor.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización da praza de estacionamento solicitada, dado que a praza destas características máis próxima atópase fronte ao número 57 da citada rúa.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Alvaro).

PRP2025/2349

Dáse conta do escrito presentado por Daniel Rivera Sánchez con DNI 44843149A, de data 02/05/25, onde solicita a instalación de pasos de peóns na rúa Mulatas e C/Concha.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica o seguinte:

Na rúa Concha á altura do inmobile nº 5, poderíase instalar un paso de peóns elevado que facilitaría tanto aos usuarios da Escola Infantil Garabatos como o centro de día Lembranzas. (Cumprindo coa normativa existente). Por outra banda en C/ Mulatas non se ve necesario a instalación doutro paso de peóns porque hai un na intersección con rúa Concha e outro na intersección con rúa San Xosé. Recoméndase o repintado do paso de peóns situado na entrada de C/Concha.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Que se proceda á instalación dun paso de peóns elevado na Rúa Concha, á altura do nº 5.
- Que se proceda ao repintado do paso de peóns existente na entrada da Rúa Concha.

Dar conta do Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2025/2358

Dáse conta do escrito presentado por D. Adrián Santorum Rey, solicitando autorización para instalación dunha barra mobil, de 2x 3m, durante a celebración do Concerto do Agora Vermut, o día 15 de xuño de 2025, na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño) co fin de poder colaborar coa recadación de fondos para as Festas de San Xoán das Pistas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2360

Dáse conta do escrito presentado por Dona Blanca Ana García Rodríguez, en representación de Asociación Española contra el Cancer, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa de 3x3 m na Praza de Galicia o día 18 de xuño de 2025, en horario de 10:00 a 13:00 horas para instalar unha mesa informativa con material de prevención solar entre a cidadanía.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2364

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ivanessa Gens Blanco, solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas os días 1 de xuño na Praza da Liberdade (Carril), o día 15

de xuño no Barrio de Os Duráns e o día 29 de xuño de 2025, en Vilaxoán, con motivo dos Concertos Agora Vermu.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2368

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Goretti Fariña Caamaño, solicitando autorización para instalar un mercado solidario con produtos reciclados, a beneficio de Cáritas, na Praza de Galicia, os días 16 e 21 de xuño de 2025, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2370

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Piñeiro Andujar, solicitando autorización para realizar un evento o día 21 de xuño de 2025, consistente nun concerto e vermú no exterior do establecemento "Bar Miudo", na Rúa Romero Ortiz nº 37, en horario de 13:00 a 18:00 horas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as

súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2371

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Angel Fernández Somoza, en representación de ANPA Colexio San Francisco, solicitando autorización para levar a cabo a Festa das Familias", consistente nunha comida campestre e xogos populares, no Parque Botánico Enrique Valdés Bermejo, o día 21 de xuño de 2025, en horario de 12:00 a 20:00 horas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2372

Dáse conta do escrito presentado por Dona Lidia Romero Areste, en representación de Cruz Roja Española, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa na Praza de Galicia, o día 24 de xuño de 2025, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2377

Dáse conta de escrito presentado por D. Juan Martínez Buceta no que indica que se procedeu á

retirara do banco existente no Parque do Centenario, que era utilizado por diversas persoas a diario como lugar de reunión, e solicitan a colocación dun banco no indicado lugar.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que o Parque do Centenario é de titularidade da Autoridade Portuaria, polo que se procede a remitir a súa solicitude ao citado organismo aos efectos oportunos.

PRP2025/2378

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana María Paula Diaconescu dando queixas polas deficiencias no Servizo de Autobuses da liña Carril - Vilaxoán, ademais do prezo do billete, fixado en 1,55 € por tramo, considerando que é moi elevado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito á Consellería Vivenda e Planificación de Infraestruturas - Dirección Xeral de Mobilidade, organismo do que depende o citado servizo. Así como ao Grupo Abalo (Autobuses Pereira).

En relación co prezo do billete, comunícaselle que poderá solicitar o bono-bus municipal.

PRP2025/2379

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que o día 10 de xuño de 2025 son requiridos pola Sala 092 para informar sobre unha vertedura no río dá Coca.

Que acudidos ao lugar atópase Emerxencias Municipais Vilagarcía colocando unha barreira absorbente para paralizar o gasoil. Que se busca pola zona e localízase na ponte situada no cruzamento de Rúa Arealonga con Rúa dá Coca restos de gasoil saíndo do desaugadoiro de augas pluviais. Que se fai unha inspección ocular pola zona observando no nº 10 da Rúa Canteira, o portal de acceso a Rúa Arealonga, restos de auga e cheiro a gasoil saíndo do portal. Que entrevistados co identificado, o cal manifesta que estaban a realizar unha limpeza da sentina dunha embarcación. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o informe e a documentación fotográfica anexa ao mesmo a Augas de Galicia aos efectos da adopción das medidas correspondentes, e comunicar aos residentes do nº 10 de Rúa Canteira a comisión da infracción, o que conleva unha sanción económica.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2025/2343

Vista a proposta da Concellería de Promoción económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- APROBAR A CONVOCATORIA DAS BASES DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO FORME 2024, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego.
- 2.- A publicación das bases a través da BDNS, remitindo a información á mesma no prazo máximo de 30 días seguintes ao remate do trimestre no que se acorde aprobación, tal como establece a normativa reguladora da BDNS.
- 3.- A publicación na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. O financiamento das axudas será con cargo á aplicación 2412-470 do orzamento vixente, cunha dotación de 30.000 €

PRP2025/2373

Dase conta da Resolución dictada pola Directora Xeral de Administración local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ó abeiro da Orde de 27 de xaneiro de 2025(DOG 30 de 13/02/2025) , pola que se acorda conceder ó Concello de Vilagarcía unha subvención polo importe global de 11.397,00€ para a realización da actuación denominada SALVAMENTO E SOCORRISMO 2025. Esta axuda representa o 15,28% sobre o orzamento elixible do proxecto, que ascende a un importe de 74.610,36 €, non incluída a indemnización por cese, como custe non subvencionable. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2374

Dáse conta de proposta da Concellería de Promoción Económica en relación co PROGRAMA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN, que se formula como unha das iniciativas máis prometedoras para favorecer a inserción laboral e creación de emprego de calidade, en colaboración coas empresas referentes no Concello, en cada un dos sectores económicos.

O programa materializarase na contratación da formación específica con unha empresa preferentemente local para a mellora da empregabilidade de persoas desempregadas e a sinatura dun convenio con aquelas empresas que amosen a súa disposición para participar na iniciativa.

As empresas colaboradoras asinarán un compromiso de contratación dun mínimo de alumnos participantes nas accións formativas, durante un mínimo de 3 meses a xornada completa.

Logo da sinatura dun convenio, coa Empresa FUNDIVISA e REY PRECITECH SL (GRUPO FUNDICIONES REY) no que se compromete á contratación de alomenos o 30% dos alumnos participantes na formación, así como a poñer a disposición do Concello e da empresa encargada da formación as instalacións precisas para a impartición das accións formativas.

O obxecto do contrato é a contratación das devanditas accións formativas cunha empresa de formación con experiencia na impartición das materias requiridas polo perfil profesional mediante un contrato de servizos.

Visto o que antecede A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por QUICK UP FORMACIÓN Y DESARROLLO S.L. CIF B27878586, por un importe de 10.500,00 € para a acCión formativa sinalada, con cargo á partida orzamentaria 241-22799

- Aprobar a sinatura do Convenio coa empresa colaboradora

Con carácter previo ao inicio das accións formativas, a empresa adxudicataria, deberá remitir ao Concello copia da póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto en concepto de desprazamento ao lugar de desenvolvemento das clases e das prácticas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/2351

Pola Directora do Conservatorio Profesional de Música dáse conta á Xunta de Goberno Local da sinatura por parte do Concello e dos respectivos interesados dos seguintes contratos artísticos para o desenvolvemento da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025, que

figuran nos correspondentes expedientes de Cividas.

CODIGO EXPTE.	PROPOSTA	DATA APROB. XGL	INTERESADO/A	LIÑA PROXECTO 2025-3-CRRTE-5
CONSER/2025/000027	PRP2025-1977	26/05/2025	ISABEL VILLANUEVA SAENZ DE PIPAON	LIÑA 1
CONSER/2025/000028	PRP2025-1978	26/05/2025	MENDIALDUA MUSIC S.L.	LIÑA 1
CONSER/2025/000033	PRP2025-1980	26/05/2025	PABLO ZAPICO BRAÑA	LIÑA 1
CONSER/2025/000022	PRP2025-2095	02/06/2025	ARTSIMES S.L.	LIÑA 3
CONSER/2025/000023	PRP2025-2096	02/06/2025	MITO CONCERTS S.L.	LIÑA 3
CONSER/2025/000024	PRP2025-2097	02/06/2025	LAUREL DEL APOLO S.L.U.	LIÑA 3
CONSER/2025/000025	PRP2025-2098	02/06/2025	• ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTA GAOS • MIREN URBIETA VEGA	LIÑA 3

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2025/2256

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á cota do exercicio de 2025 a favor de Fundación Plácido Castro, polo importe de 3.000,00€, e que se proceda ao aboamento do mesmo, con cargo á partida orzamentaria 334.489.

PRP2025/2344

A Xunta de Goberno Local (XGL), na sesión que tivo lugar o 05/05/2025, adoptou o acordo de aprobar a programación, a adxudicación e o gasto das actividades do Día das Letras Galegas 2025 (PRP2025/1719 expte. CIVIDAS CULT/2025/0000078).

Con data 05/06/2025, o departamento de Intervención comunícalle ao Servizo de Normalización Lingüística que na epígrafe terceira do informe (orzamento previsto) se indica un pasarrúas a cargo de A. C. Gato Negro Malveiras cun CIF equivocado.

Por todo o anterior, a Concellería de Cultura, a través do Servizo de Normalización Lingüística, presenta a seguinte proposta:

Primeiro. Que se modifique o acordo da XGL celebrada o 05/05/2025: PRP2025/1719, consonte a seguinte corrección de erros:

-Onde di:

Provedor: A. C. Gato Negro Malveiras, CIF G36026151

-Debe dicir:

Provedor: Asociación Cultural Malveiras, CIF G36136679

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/2332

Dáse conta da resolución da directora territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pola que se autoriza a instalación de elementos de sinalización na área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río do Con, instalación promovida por Augas de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a instalación da citada sinalización, nos 14 puntos que foron seleccionados, xa que, as ubicacións foron consensuadas entre Augas de Galicia e o Concello.

PRP2025/2311

Dáse conta da comunicación de Augas de Galicia na que se achega copia da notificación enviada a Espina&delfin S.L. sobre a incidencia no abastecemento de auga de consumo humano na rede de abastecemento.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA**PRP2025/2361**

Vista a solicitude de D. Moisés Campos Maneiro, en representación da Asociación Enanito de las Uvas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello coas seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Fidel en Carril, os vindeiros días 26 e 27 de xullo de 2025:

- Actuación da Asociación Cultural Os Xirifeiros (Gaitas), o día 26 de xullo de 2025, por un importe de 391,00 €.
- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán, o día 27 de xullo de 2025, por un importe de 585,00 €

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/2352

Vista a solicitude de Asociación Cultural San Juan de Bamio, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello coas seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Xoán e San Antonio, en Bamio, os vindeiros días 20, 21, 22 e 24 de xuño de 2025:

- Actuación da de Música Tradicional A Queimada (Gaitas), o día 21 de xuño de 2025, por un importe de 350,00 €.
- Actuación da Asociación Cultural Gaitas Mar de Arousa, o día 21 de xuño de 2025, por un importe de 391,00 €

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/2353

Vista a solicitude de Dona Sara Diz Rodríguez, en representación de Escuela de Música Adagio, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 6 de xuño de 2025, en horario de 18:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha actuación de alumnos da citada Escola, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

O prezo de entrada é de 3:00 € e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Salón García: Prezo día/hora 132,35 €
- Responsable de sala: 40,80 €
- Operario: 40,80 €
- TOTAL: 213,95 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2025/2198

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, para a adxudicación do contrato privado denominado “Patrocinio publicitario por parte do concello de Vilagarcía de Arousa con Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega, con motivo da celebración do FESTACLOWN, Vilagarcía de Arousa – Edición 2025”
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.
- 3.- Autorizar o gasto para a adxudicación do contrato privado denominado “Patrocinio publicitario por parte do concello de Vilagarcía de Arousa con Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega, con motivo da celebración do FESTACLOWN, Vilagarcía de Arousa – Edición 2025”, por importe de

45.738,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 334-22602 do vixente orzamento municipal.

4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade, a través dos servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público, convalidando a petición de oferta realizada o día 13 de xuño de 2025.

PRP2025/2312

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 17 de marzo de 2025, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de obras de Reforma de pista de atletismo Fontecarmoa.

De conformidade con proxecto técnico e co indicado nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCPA), o contrato divídese en dous lotes, co detalle seguinte:

LOTE 1: Reparación de pista

Valor estimado: 89.916,51€

Orzamento de Execución por Contrata (IVE engadido): 108.798,98€

LOTE 2: Iluminación

Valor estimado: 45.832,13€

Orzamento de Execución por Contrata (IVE engadido): 55.456,88€

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores ao lote 1- Reparación de pista:

- MONDO IBERICA, S.A.U
- OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.-
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Os licitadores do lote 1 do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

Licitor	Oferta económica (sen IVE)	Mellora: aumento do prazo de garantía	Mellora das unidades de obra das partidas 01.02, en canto a aumento do pavimento deportivo de caucho e na mesma cantidade da partida 01.02.01.02
MONDO IBERICA, S.A.U.	86.996,84€	5 anos	Subministro e execución de 110 m2 mais do establecido no proxecto
OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.	81.356,46€	5 anos	Subministro e execución de 110 m2 mais do establecido no proxecto
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	87.960,00€	5 anos	Subministro e execución de 110 m2 mais do establecido no proxecto

Prevía emisión dos informes técnicos oportunos e aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, resulta a seguinte valoración:

Licitor	Oferta económica (sen IVE)	Puntos oferta económica	Puntos aumento prazo garantía	Puntos Mellora unidades de obra (pavimento caucho)	Total puntos
Mondo Ibérica, S.A	86.996,84€	3,41	50,00	40	93,41
Obras y Pavimentos Especiales	81.356,46€	10,00	50,00	40	100
Prace Servicios y Obras, S.A.	87.960,00€	2,29	50,00	40	92,29

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Lote 1: Reparación de pista

Orde: 1NIF: A28410850 OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: A50308139 MONDO IBERICA, S.A.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 93.41

Total puntuación: 93.41

Orde: 3NIF: A70319678 PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 92.29

Total puntuación: 92.29

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato de obra denominado “Reforma de la pista de atletismo de Fontecarmoa”- lote 1: Reparación de la pista”, financiada pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento de licitación do lote 1 de 89.916,51€ (sen IVE); 108.798,98 € (IVE incluído), á empresa con NIF: A28410850 OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos nos pregos que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 342-63200.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 81.356,46€ (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 17.084,86€, o que totaliza un importe de 98.441,32€ (IVE incluído)

- Melloras:

- Aumento do prazo de garantía en 5 anos (total garantía 6 anos)
- Mellora das unidades de obra contempladas na partida 01.02 (subministro e execución de 110 m2 mais do establecido no prego)

PRP2025/2314

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 17 de marzo de 2025, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de obras de Reforma de pista de atletismo Fontecarmoa.

De conformidade con proxecto técnico e co indicado nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCPA), o contrato divídese en dous lotes, co detalle seguinte:

LOTE 1: Reparación de pista

Valor estimado: 89.916,51€

Orzamento de Execución por Contrata (IVE engadido): 108.798,98€

LOTE 2: Iluminación

Valor estimado: 45.832,13€

Orzamento de Execución por Contrata (IVE engadido): 55.456,88€

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores ao lote 2 - Iluminación:

- Fase Service Partner
- Montajes Eléctricos Salnés, S.L.U.
- Montaxes Electricas Noroeste SL
- MONCOSA OHS, S.A.
- Obras y Pavimentos Especiales, S.A..

Os licitadores do lote 2 do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

